



**C** Confederación Intersindical Galega  
**ADMINISTRACION PUBLICA**  
**ADMINISTRACION PUBLICA**

## C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

### **MESA DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE CARREIRA ADMINISTRATIVA**

Na reunión de hoxe, tratáronse os seguintes temas relacionados co Acordo de Carreira Administrativa:

#### Paso do "Tramo 0 ao Tramo 1":

Despois de moitas voltas, a administración cedeu e, por fin, vai reclasificar os postos dos funcionarios que se atopan no "Tramo 0" que teñan máis de dous anos de antigüidade no posto de entrada. Xa era hora que se puxese fin á tremenda inxustiza que estaban a facer con estes compañeiros, pero como non podía ser doutro xeito, a AEAT segue a facer as súas propias interpretacións do Acordo e, en lugar de facer a reclasificación con efectos das datas nas que se cumpra o tempo correspondente, vai facer con efectos 1 de xaneiro, para os C2, 1 de marzo de 2011, para os C1, e 1 de setembro de 2011 para os A2.

#### Reclasificacións perda tramos concursos:

Respecto a este tema a AEAT aínda non ten unha posición clara ao respecto. Máis ben cremos que non hai intención, de momento, de falar deste asunto para ir gañando tempo pero o certo é que, mais tarde ou máis temprano terá que respetar os tramos de cada funcionario nos concursos de mobilidade. Mentres non sexa así, a maioría da parte social manifestou a súa intención de non asistir ás comisións de valoración dos concursos.

#### Resto temas pendentes:

Seguimos a reclamar que se solucione, dunha vez, o paso ao Tramo 6º para os funcionarios que teñan máis de 32 anos de antigüidade. Tamén hai pendentes moitos outros temas como o da carreira vertical, a avaliación do desemprego, próximas reclasificacións, promoción interna ao A1, etc, etc.

#### Concursos "Panel":

Informouse nos tamén, nesta xuntanza, da inminente oferta de postos para o CTH a través da Intranet (seguramente será nesta semana). Son postos a ofertar para o persoal previamente á incorporación dos funcionarios de novo ingreso. Neste sentido, manifestamos a nosa disconformidade por non ofertar ningún posto en Galicia. Os postos serán de tramo 1 e, segundo a AEAT, aínda non teñen definidas as dotacións e as Dependencias nas que se ofertarán, pero irán en consonancia cos postos que quedaron vacantes no concurso do CTH.

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA-TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22**